

Un símbolo necesario: Prisciliano na cultura galega

Un símbolo necesario: Prisciliano en la cultura gallega

Victorino PÉREZ PRIETO

1. Prisciliano nas orixes do pensamento galego

Falar de Prisciliano é falar dun teólogo xenial, de quen o P. Orbe –un dos máis reputados patrólogos– di que ten a teoloxía “máis difícil de Occidente”¹. Tamén é falar dun “profeta contra o poder” clerical, como di X. Chao Rego (*Prisciliano. Profeta contra o poder*). Ou, como dixo Torres Queiruga, falar dun home que tivo “unha repercusión case mitolóxica” en Galicia porque atopou resonancias na alma dos galegos, tocando resortes da subconsciencia colectiva ao conectar con formas relixiosas sobreviventes dun estadio precristián, enraizadas no substrato antropolóxico galego.

Prisciliano foi un creador xenial e un profeta, aínda que tamén fora cualificado de herexe, e isto lle custara a vida. Pero a herexía da doutrina priscilianista foi perdendo actualmente

1. Prisciliano en los orígenes del pensamiento gallego

Hablar de Prisciliano es hablar de un teólogo genial, de quien P. Orbe –uno de los más reputados patrólogos– dice que tiene la teología “más difícil de Occidente”¹. También es hablar de un “profeta contra el poder” clerical, como dice X. Chao Rego (*Prisciliano. Profeta contra o poder*). O, como dijo Torres Queiruga, hablar de un hombre que tuvo “una repercusión casi mitológica” en Galicia porque encontró resonancias en el alma de los gallegos, tocando resortes de la subconsciencia colectiva al conectar con formas religiosas sobrevivientes de un estadio precristiano, enraizadas en el sustrato antropológico gallego.

Prisciliano fue un creador genial y un profeta, aunque también fuese cualificado de hereje, y esto le costase la vida. Pero la herejía de la doctrina priscilianista fue perdiendo actualmen-



o seu fundamento, tras da difusión dos seus *Tratados*, de carácter fundamentalmente ortodoxo. Un dos primeiros en exculpar de herexía a Prisciliano foi o francés Babut. Pero foi, sobre todo, o alemán Goosen, quen demostra de maneira clara que a teoloxía de Prisciliano non era herética, senón só un tanto “arcaizante”².

Falar de Prisciliano é falar, en primeiro lugar, das orixes do pensamento relixioso galego no s.IV, o momento máis creativo da Galiza aínda en formación, como ten estudado magnificamente o Pfr. Eduardo López Pereira: “O priscilianismo foi o factor desencadeante do temperán florecemento literario de Gallaeciae”³. Como se sabe, este movemento espiritual e intelectual da Igrexa galega posto a andar por Prisciliano, deu lugar a persoeiros relixiosos como:

te su fundamento, tras la difusión de sus *Tratados*, de carácter fundamentalmente ortodoxo. Uno de los primeros en exculpar de herejía a Prisciliano fue el francés Babut. Pero fue, sobre todo, el alemán Goosen, quien demuestra de manera clara que la teología de Prisciliano no era herética, sino sólo un tanto “arcaizante”².

Hablar de Prisciliano es hablar, en primer lugar, de los orígenes del pensamiento religioso gallego en el s.IV, el momento más creativo de Galicia aunque en formación, como ha estudiado magnificamente el Pfr. Eduardo López Pereira: “El priscilianismo fue el factor desencadenante del temprano florecimiento literario de Gallaeciae”³. Como se sabe, este movimiento espiritual e intelectual de la Iglesia gallega puesto a andar por Prisciliano, dio lugar a personajes religiosos como:

EXERIA, a primeira escritora galega (*Itinerarium ou Peregrinatio*), de quen se chegou a dicir que era priscilianista⁴.

Os dous AVITO de Braga, presbíteros que introduxeron o neoplatonismo orixenista na península e loitaron contra o priscilianismo.

BAQUIARIO, culto monxe mindoniense acusado de priscilianista, pero que ataca tamén o priscilianismo (*De Fide, Professio Fidei...*).

IDACIO, bispo de Chaves, historiador e teólogo galego da Limia, que loitou contra o priscilianismo, que cualificou de “*sectam perniciosissimam*” e “*blasphemissimam*”.

O bispo SIAGRIO, que escribiu unha *Regula* para a definición da fe, e o erudito bispo TORIBIO DE ASTORGA, xa a mediados do s.V, que escribiu varios tratados contra os priscilianistas (*Epistola ad Idacium et Ceponium*)⁵.

E PAULO OROSIO, teólogo e historiador que andou nos primeiros anos tocado pola doutrina de Prisciliano, pero abandonouna da man de Santo Agostiño, de quen foi discípulo e amigo, e con quen buscou combater “as falsas e perniciosas doutrinas, que esnaquizaban os habitantes de Hispania, con meirande estrago que os bárbaros esnaquizaban os corpos” (*Commonitorium de errore Priscillianistarum*).

2. O eco de Prisciliano na cultura galega ata a xeración “Nós”

O bispo Prisciliano, fose ou non de orixe galega, tivo na Galicia unha enorme repercusión ata os nosos días. A súa persoa e as súas ideas acreditaron as opinións máis encontradas entre os galegos, facendo del un dos persoeiros máis valorados e, ao mesmo tempo, máis discutidos da historia galega.

O CURA DE FRUIME rexeita a súa orixe galega dicindo que era da Galacia, no leste europeo, pois, como galego, non quere ter nada que ver co que cualifica un “monstro”. Pero o P. SARMIENTO, aburrido, chega a dicir: “Me importa un pimien-

“Prisciliano tivo entre nos unha enorme repercusión. A súa persoa e as súas ideas acreditaron as opinións máis encontradas, facendo del un dos persoeiros máis valorados e discutidos”

EXERIA, la primera escritora gallega (*Itinerarium o Peregrinatio*), de quien se llegó a decir que era priscilianista⁴.

Los dos AVITO de Braga, presbíteros que introdujeron el neoplatonismo origenista en la península y lucharon contra el priscilianismo.

BAQUIARIO, culto monje mindoniense acusado de priscilianista, pero que ataca también el priscilianismo (*De Fide, Professio Fidei...*).

IDACIO, obispo de Chaves, historiador y teólogo gallego de Limia, que luchó contra el priscilianismo, que cualificó de “*sectam perniciosissimam*” y “*blasphemissimam*”.

El obispo SIAGRIO, que escribió una *Regula* para la definición de la fe, y el erudito obispo TORIBIO DE ASTORGA, ya a mediados del s.V, que escribió varios tratados contra los priscilianistas (*Epistola ad Idacium et Ceponium*)⁵.

Y PAULO OROSIO, teólogo e historiador que estuvo en los primeros años tocado por la doctrina de Prisciliano, pero la abandonó de la mano de Santo Agostiño, de quien fue discípulo y amigo, y con quien buscó combatir “las falsas y perniciosas doctrinas, que destrozaban los habitantes de Hispania, con mayor estropicio que los bárbaros destrozaban los cuerpos” (*Commonitorium de errore Priscillianistarum*).

2. El eco de Prisciliano en la cultura gallega hasta la generación “Nós”

El obispo Prisciliano, fuese o no de origen gallego, tuvo en Galicia una enorme repercusión hasta nuestros días. Su persona y sus ideas acreditaron las opiniones más encontradas entre los gallegos, haciendo de él uno de los personajes más valorados y, al mismo tiempo, más discutidos de la historia gallega.

EL CURA DE FRUIME rechaza su origen gallego diciendo que era de Galacia, en el este europeo, pues, como gallego, no quiere tener nada que ver con lo que cualifica un “monstruo”. Pero el P. SARMIENTO, aburrido, llega a decir: “Me importa un pimiento que Prisciliano sea de aquí o de allí... los gallegos hemos de tenerlo en cuenta”.

Su figura fue especialmente exaltada por los románticos gallegos, como personificación de un genuino cristianismo enraizado en Galicia, prototipo de la espiritualidad ancestral de los celtas. Es el caso de MANUEL MURGUÍA, el gran intelectual gallego del s. XIX y parte del XX, quien, en su *Historia de Galicia*, ve en Prisciliano el prototipo del panteón céltico, lejos de toda heterodoxia. Murguía cree que en el sincretismo priscilianista revive el espíritu de los celtas y resucita el druidismo céltico.

El patrólogo Uxío Romero Pose, destacando que las afirmaciones de Murguía manifiestan el historiador sin conocimientos teológicos, destaca el influjo de las afirmaciones murguianas en posturas que cualifica “más poético-románticas que científicas”. Concretamente, su influjo en nombres como Marcelino Menéndez Pelayo (*Historia de los heterodoxos españoles*), y sobre todo Por-

to que Prisciliano sea de aquí o de allí... los gallegos hemos de tenerlo en cuenta”.

A súa figura foi especialmente exaltada polos románticos gallegos, como personificación dun xenuíno cristianismo enraizado en Galicia, prototipo da espiritualidade ancestral dos celtas. É o caso de MANUEL MURGUÍA, o gran intelectual galego do s. XIX e parte do XX, quen, na súa *Historia de Galicia*, ve en Prisciliano o prototipo do panteón céltico, lonxe de toda heterodoxia. Murguía cre que no sincretismo priscilianista revive o espírito dos celtas e resucita o druidismo céltico.

O patrólogo Uxío Romero Pose, destacando que as afirmacións de Murguía manifestan o historiador sen coñecementos teolóxicos, salienta o influxo das afirmacións murguianas en posturas que cualifica “máis poético-románticas que científicas”. Concretamente, o seu influxo en nomes como Marcelino Menéndez Pelayo (*Historia de los heterodoxos españoles*), e sobre todo Portela Valladares (*Unificación y diversificación de las personalidades*) e os homes da xeración Nós⁶.

Postura ben distinta á de Murguía foi a que defendeu ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, en total desacordo coas versións románticas de moda. O cóngo e historiador compostelán prefire darlle creto aos testemuños dos máis antigos historiadores e propónse describir a orixe, desenvolvemento e vicisitudes do priscilianismo na Igrexa galega do seu tempo. Remata facendo un xuízo durísimo sobre el: heresiarca de “inmundas teorías”, “execrable dogma”, “foco de corrupción y pestilencia”...⁷. Non é de estrañar que Romero Pose conclúa que López Ferreiro “escribiu a gran apoloxía en contra de Priscilián”.

O cóngo e pensador galego ANGEL AMOR RUIBAL manifesta en *Los problemas fundamentales de la Filosofía y el dogma* unha postura máis ponderada. Escribe que compre distinguir en Prisciliano unha dobre forma de expresión doutrinal: unha *exotérica* e pública, de doado acceso tanto para os clérigos como para a xente común (na que se apoiarian os defensores da súa ortodoxia), e outra *esotérica* e privada, oculta, reservada a un pequeno grupo de iniciados, só coñecida a través dos concilios antipriscilianistas e os autores antigos (na que se apoiarian os defensores da súa heterodoxia). Pero ambas formas non serían “dous tipos contrarios de doutrina”, ao xeito de outros grupos esotéricos, senón variantes da mesma⁸.

O crego PAULINO PEDRET CASADO, desvincellándose tamén das ideas románticas, publica un documentado traballo nas páxinas da revista cristiá-galeguista *Logos*, na que colaboraron asiduamente desde Otero Pedrayo e Risco ata o mesmo Castelao. Contrariamente a estes, Pedret Casado conclúe afirmando que o priscilianismo “non foi pra a nosa Terra unha frorazón do noso espírito, e ninguén puido probar a súa conexión coa nosa alma racial”⁹.

Son afirmacións que reflicten xeitos de pensar sobre este teólogo considerado o creador –discutido– dun cristianismo galego orixinal. En calquera caso, se a persoa e a doutrina de Prisciliano acadou un eco tan grande na Galicia do século IV, e aínda posteriormente, seguramente foi porque atopaba resonancias na alma dos gallegos, tocando resortes moi eficaces da subconscien-

tela Valladares (*Unificación y diversificación de las personalidades*) y los hombres de la generación Nós⁶.

Postura bien distinta a la de Murguía fue la que defendió ANTONIO LÓPEZ FERREIRO, en total desacuerdo con las versiones románticas de moda. El canónigo e historiador compostelano prefiere darle crédito a los testimonios de los más antiguos historiadores y se propone describir el origen, desarrollo y vicisitudes del priscilianismo e la Iglesia gallega de su tiempo. Termina haciendo un juicio durísimo sobre él: heresiarca de “inmundas teorías”, “execrable dogma”, “foco de corrupción y pestilencia”...⁷. No es de extrañar que Romero Pose concluya que López Ferreiro “escribió la gran apología en contra de Priscilián”.

El canónigo y pensador gallego ANGEL AMOR RUIBAL manifiesta en *Los problemas fundamentales de la Filosofía y el dogma* una postura más ponderada. Escribe que cabe distinguir en Prisciliano una doble forma de expresión doctrinal: una *exotérica* y pública, de fácil acceso tanto para los clérigos como para la gente común (en la que se apoyarían los defensores de su ortodoxia), y otra *esotérica* y privada, oculta, reservada a un pequeño grupo de iniciados, sólo conocida a través de los concilios antipriscilianistas y los autores antiguos (en la que se apoyarían los defensores de su heterodoxia). Pero ambas formas no serían “dos tipos contrarios de doctrina”, de la misma manera que de otros grupos esotéricos, sino variantes de la misma⁸.

El cura PAULINO PEDRET CASADO, desvinculándose también de las ideas románticas, publica un documentado trabajo en las páginas de la revista cristiano-galeguista *Logos*, en la que colaboraron asiduamente desde Otero Pedrayo y Risco hasta el mismo Castelao. Contrariamente a estos, Pedret Casado concluye afirmando que el priscilianismo “no fue para nuestra Tierra una floración de nuestro espíritu, y nadie pudo probar su conexión con nuestro alma racial”⁹.

Son afirmaciones que reflejan formas de pensar sobre este teólogo considerado el creador –discutido– de un cristianismo gallego original. En cualquier caso, si la persona y la doctrina de Prisciliano logró un eco tan grande en la Galicia del siglo IV, y aún posteriormente, seguramente fue porque encontraba reso-

“Fue considerado el creador –discutido– de un cristianismo gallego original, que alcanzó un gran eco en la Galicia del siglo IV y aún posteriormente”

cia colectiva. Isto foi o que sentiron os homes da xeración “Nós” e outros escritores e pensadores galegos contemporáneos que deixaremos para outra ocasión. A xeración “Nós” valorou sobranceiramente a personalidade de Prisciliano e o seu legado para Galicia e os galegos; a pesar de ser a meirande parte dos seus membros fondamente católicos, non teñen reparo en poñer entre paréntese a súa presunta ou real herexía, para non deixar de salientar o seu papel na historia galega.

3. Prisciliano e a Xeración “Nós”

RAMÓN OTERO PEDRAYO, home fonda e fielmente católico, ten a Prisciliano como un dos galegos que máis admiración suscita nél, pese a morrer como un herexe; cousa que D. Ramón non esquece e semella acatar a sentenza eclesiástica: “Non pretendemos acentuar en Prisciliano unha superior piedade, nin lamentar o desorbitado da súa doutrina. A ecumenicidade de Roma era necesaria e salvadora”¹⁰. Pero, ademais de cuestionar a presuntamente correcta utilización dos textos, e confirmando afirmacións máis actuais, non se priva de dicir que a morte de Prisciliano e os seus amigos foi máis a de un “grupo de rebeldes ante o estado” que de “rebeldes relixiosos”. *Herexe*, quizais, pero... non era para tanto, máis ben *rebelde*. Por iso, considera esta morte como a dun *mártir galego*: “Un novo xénero de mártires xorde coa morte de Prisciliano... *Volveu vencido, que non destruído*, a sumirse na paz orixinaria, na esencia dese sentido relixioso do pobo que os anatemas dos bispos non puideron acadar”¹¹.

Otero cualifica a Prisciliano de ser a figura máis senlleira da historia galega: “a máis *poderosa individualidade*” da historia de Galicia, “a maior se cadra que Galiza xerou e probablemente máis impresionante polo seu equívoco inicial”. Ademais, para Otero Pedrayo, Prisciliano foi *un bo cristián*: “Foi un cristián, tiña o amor de Cristo, buscou o amparo dos poderes instituídos da Igrexa”. Máis aínda, cualifícao de ser “o primeiro *teólogo galego*”, “abrasado pola paixón teolóxica”; un teólogo irrepitible¹².

Prisciliano é, pois, para Otero unha figura “sinceramente cristián”, coa particularidade de que, ademais, “*quixo adaptar a Galiza e Occidente a unha forma de cristianismo máis próximo do vello sentimento celta do mundo e o ultramundo*”, sendo creador de “un movemento de *adaptación da relixiosidade céltica ao mundo católico* e non un ensaio de doutrinas estrañas”, atraído como estaba “de modo inevitable pola poderosa tradición dos druídas”. Para D. Ramón, en fin, a doutrina priscilianista está recollida “na sombra do bosque da psicoloxía galega”, ata o punto de que chegou a ser crenza corrente que “un galego debía ser polo menos un pouco priscilianista”¹³.

Podemos dicir, en fin, que a Otero Pedrayo atráelle fondamente Prisciliano como un verdadeiro *símbolo da identidade relixiosa e cultural dos galegos*; que quixo expresar teolóxicamente o espírito galego e fixo un intento creador dun cristianismo enraizado na terra galega, unha adaptación da relixiosidade galega-céltica a fe cristiá, ou viceversa; máis que un gnóstico valentiniano de ideas alleas á nosas, como se ten dito. Unha gran figura galega, arquetipo da alma galega, que tentou facer un *cris-*

nancias en el alma de los gallegos, tocando resortes muy eficaces de la subconsciencia colectiva. Esto fue lo que sintieron los hombres de la generación “Nós” y otros escritores y pensadores gallegos contemporáneos que dejaremos para otra ocasión. La generación “Nós” valoró singularmente la personalidad de Prisciliano y su legado para Galicia y los gallegos; a pesar de ser la mayor parte de sus miembros hondamente católicos, no tienen reparo en poner entre paréntesis su presunta o real herejía, para no dejar de destacar su papel en la historia gallega.

3. Prisciliano y la Generación “Nós”

RAMÓN OTERO PEDRAYO, hombre honda y fielmente católico, tiene a Prisciliano como uno de los gallegos que más admiración suscita en él, pese a morir como un hereje; cosa que D. Ramón no olvida y parece acatar la sentencia eclesiástica: “No pretendemos acentuar en Prisciliano una superior piedad, ni lamentar lo desorbitado de su doctrina. La ecumenicidad de Roma era necesaria y salvadora”¹⁰. Pero, además de cuestionar la presuntamente correcta utilización de los textos, y confirmando afirmaciones más actuales, no se priva de decir que la muerte de Prisciliano y sus amigos fue más la de un “grupo de rebeldes ante el estado” que de “rebeldes religiosos”. *Hereje*, quizás, pero... no era para tanto, más bien *rebelde*. Por eso, considera esta muerte como la de un *mártir gallego*: “Un nuevo género de mártires surge con la muerte de Prisciliano... *Volvió vencido, que no destruido*, a sumirse en la paz originaria, en la esencia de ese sentido religioso del pueblo que los anatemas de los obispos no pudieron conseguir.

Otero cualifica a Prisciliano de ser l figura máis singular de la historia gallega: “la máis *poderosa individualidad*” de la historia de Galicia, “la mayor si cabe que Galicia generó y probablemente máis impresionante por su equívoco inicial”. Además, para Otero Pedrayo, Prisciliano fue *un buen cristiano*: “Fue un cristiano, tenía el amor de Cristo, buscó el amparo de los poderes instituidos de la Iglesia”. Más aún, lo cualifica de ser “el primero *teólogo gallego*”, “abrasado por la pasión teológica”; un teólogo irrepitible¹¹.

Prisciliano es, pues, para Otero una figura “sinceramente cristiana”, con la particularidad de que, además, “*quiso adaptar a Galicia y Occidente a una forma de cristianismo máis próximo del viejo sentimiento celta del mundo y el ultramundo*”, siendo creador de “un movimiento de *adaptación de la religiosidad céltica al mundo católico* y no un ensayo de doctrinas estrañas”, atraído como estaba “de modo inevitable por la poderosa tradición de los druidas”. Para D. Ramón, en fin, la doctrina priscilianista está recogida “en la sombra del bosque de la psicología gallega”, hasta el punto de que llegó a ser creencia corriente que “un gallego debía ser por lo menos un poco priscilianista”¹².

Podemos decir, en fin, que a Otero Pedrayo le atrae hondamente Prisciliano como un verdadero *símbolo de la identidad relixiosa y cultural de los gallegos*; que quixo expresar teolóxicamente el espíritu gallego e hizo un intento creador de un cristianismo enraizado en la tierra gallega, una adaptación de la religiosidad gallega-céltica la fe cristiana, o viceversa; máis que un gnóstico valentiniano de ideas ajenas a las nuestras, como se ha dicho. Una



Teatro Venatorio y Coquinario Gallego, la magistral obra de los gallegos J.M. Castroviejo y Álvaro Cunqueiro, una verdadera joya literaria. La obra se publicó por primera vez en 1958, en Ediciones Monterrey de Vigo, en una edición para bibliófilos. Reeditada años más tarde por Espasa Calpe, en la Colección Austral, con el título “Viaje por los montes y las chimeneas de Galicia”. En esta edición de bolsillo desaparecieron los grabados de E. C. Ricart y el “Epílogo Galeato” de Emilio Álvarez Blázquez. Esta nueva edición recupera la original.

Cunqueiro y Castroviejo descubren al lector el mundo de la caza y la cocina gallega, de un modo exquisito.

PVP: 36€



La muerte de Valle-Inclán El último esperpento

En marzo de 1935, Don Ramón María del Valle-Inclán se retiró a su Galicia natal con la esperanza de un milagro para su maltrecha salud. Durante nueve meses vivió una progresiva desesperanza, que desembocó en la muerte el 5 de enero de 1936. Dos Españas se estremecían incapaces de evitar su sangrienta confrontación y una Guerra Civil se perfilaba en el horizonte. Valle-Inclán agonizó y murió con la serenidad altiva y la entereza inquebrantable del escritor habituado a lidiar con la adversidad. En

aquel contexto histórico prebélico, su muerte en Santiago de Compostela se convirtió, sin él quererlo, en uno de sus propios esperpentos. En el último.

Carlos G. Reigosa
Javier del Valle-Inclán
José Monleón

PVP: 15€

OTROS AUTORES:



José Luis Alvite
Historias del Savoy
Almas del nueve largo
Áspero y sentimental
[próxima publicación]



Noe Martínez
Señálame un imbécil
y me enamoro
Tu, mi último pelo
de tonta
A otra princesa con ese
cuento



Xavier Alcalá
Entre fronteras
En las catacumbas
[próxima publicación]



Luís Fernando Verissimo
Las mentiras que los
hombres cuentan
Sexo en la cabeza
Borges y los orangutanes
eternos
[próxima publicación]

tianismo galego. Máis aínda, Prisciliano é para Otero un “morto simbólico”, *símbolo da perenne resistencia galega contra o centralismo*, tamén relixioso¹⁴.

VICENTE RISCO tamén se achegou á figura de Prisciliano, pero non coa amplitude, a fondura e o coñecemento de Otero. Fíxoo na súa *Historia de Galicia*, situando a Prisciliano como “o que máis se sinala nas perturbacións relixiosas de Galicia” no seu tempo¹⁵. Risco sitúa a Prisciliano preto de Marcos de Menfis, un exipcio maniqueo, dedicado ás artes máxicas e que algúns fan discípulo do máis coñecido dos gnósticos, o mestre alexandrino Valentín.

Para Risco, Prisciliano é en primeiro lugar un asceta que ataca a conducta licenciosa dos clérigos; home de verba brillante e seductora que atraeu a nobres e plebeos, sobre todo ás mulleres que se entregaban á súa guía espiritual e ás que lles poñería nomes místicos (“Bálsamo”, “Barbelón”, “Tesouro”...). Da a entender Risco que Prisciliano facía algo máis que poñerlles nomes chusqueiros e darlles consellos, promocionándoas nas comunidades para predicar e ensinar, mesmo co título de “doutor”, cousas que serían condenadas no Concilio de Zaragoza. Risco fala do priscilianismo despois de Prisciliano, considerando constantemente este como unha *secta condenada pola Igrexa*, polas súas doutrinas e polas súas prácticas.

Nada que ver coa postura de Otero Pedrayo, reivindicando a Prisciliano como unha figura galega fundamental. Posiblemente, teña isto que ver cos dous momentos ben distintos e ben distantes nos que deron a luz as súas obras: O *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* de Otero apareceu en 1933, no clima liberal da República; e a *Historia de Galicia* de Risco apareceu en 1952, en plena efervescencia do nacionalcatolicismo franquista, e despois do tremendo viraxe ideolóxico de Risco.

CASTELAO, máis aínda que Otero, ten unha postura de clara defensa de Prisciliano como *un dos símbolos meirandes de Galiza*, un mártir inxustamente perseguido e unha especie rebelde que expresa a xenuína “heterodoxia galeguista” *avant la lettre*. Como é ben sabido, na procesión solemne do que el chama a “Santa Compañía de inmortais galegos”, que fai en *Alba de Gloria* (derradeiro discurso público de Castelao no Día da Patria Galega de 1948), sitúa á cabeza do cortexo a Prisciliano, seguido dunha multitude case apocalíptica: “Ao fronte de todos vai Prisciliano, o heresiarca decapitado, levando a súa propia caveira nunha arqueta de marfín, e afincándose nun longo caxato, que remata coa fouce dos druídas, a modo de báculo episcopal. Siguen a Prisciliano moitos adeptos, varóns e mulleres”¹⁶.

É en *Sempre en Galiza*, onde atopamos as máis fondas verbas de Castelao sobre este “mártir simbólico” que dicía Otero. Aquí, Castelao fai unha profesión de fe que quere ser “intuición das glorias futuras”, manifestando crer e confiar “no poder máxico da terra” e no porvir presentido a través desa fe, fai unha fervorosa defensa de Prisciliano, a quen cualifica de *reformador* e “esgrevio teólogo”: “... O seu sangue foi xerme da

gran figura gallega, arquetipo del alma gallega, que trató de hacer un *cristianismo gallego*. Más aún, Prisciliano es para Otero un “muerto simbólico”, *símbolo de la perenne resistencia gallega contra el centralismo*, también religioso¹³.

VICENTE RISCO también se acercó a la figura de Prisciliano, pero no con la amplitud, la hondura y el conocimiento de Otero. Lo hizo en su *Historia de Galicia*, situando a Prisciliano como “el que más se señala en las perturbaciones religiosas de Galicia” en su tiempo¹⁴. Risco sitúa a Prisciliano cerca de Marcos de Menfis, un egipcio maniqueo, dedicado a las artes mágicas y que algunos hacen discípulo del más conocido de los gnósticos, el maestro alexandrino Valentín.

Para Risco, Prisciliano es en primer lugar un asceta que ataca la conducta licenciosa de los clérigos; hombre de palabra brillante y seductora que atrajo a nobles y plebeyos, sobre todo a las mujeres que se entregaban a su guía espiritual y a las que les pondría nombres místicos (“Bálsamo”, “Barbelón”, “Tesoro”...). Da a entender Risco que Prisciliano hacía algo más que ponerles nombres chusqueros y darles consejos, promocionándolas en las comunidades para predicar y enseñar, mismo con el título de “doctor”, cosas que serían condenadas en el Concilio de Zaragoza. Risco habla del priscilianismo después de Prisciliano, considerando constantemente éste como una *secta condenada por la Iglesia*, por sus doctrinas y *por sus prácticas*.

Nada que ver con la postura de Otero Pedrayo, reivindicando a Prisciliano como una figura gallega fundamental. Posiblemente, tenga esto que ver con los dos momentos bien distintos y bien distantes en los que dieron a luz sus obras: El *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* de Otero apareció en 1933, en el clima liberal de la República; y la *Historia de Galicia* de Risco apareció en 1952, en plena efervescencia del nacionalcatolicismo franquista, y después del tremendo giro ideológico de Risco.

CASTELAO, más aún que Otero, tiene una postura de clara defensa de Prisciliano como *uno de los símbolos mayores de Galicia*, un mártir injustamente perseguido y una especie rebelde que expresa la genuina “heterodoxia galleguista” *avant la lettre*. Como es bien sabido, en la procesión solemne del que él llama la “Santa Compañía de inmortales gallegos”, que hace en *Alba de Gloria* (último discurso público de Castelao en el Día de la Patria Gallega de 1948), sitúa a la cabeza del cortejo a Prisciliano, seguido de una multitud casi apocalíptica: “Al frente de todos va Prisciliano, el heresiarca decapitado, llevando su propia calavera en una arqueta de marfín, y afincándose en un largo bastón, que termina con la hoz de los druidas, a modo de báculo episcopal. Siguen a Prisciliano muchos adeptos, varones y mujeres”¹⁵.

Es en *Sempre en Galiza*, donde encontramos las más hondas palabras de Castelao sobre este “mártir simbólico” que decía Otero. Aquí, Castelao hace una profesión de fe que quiere ser “intuición de las glorias futuras”, manifestando creer y confiar “en el poder mágico de la tierra” y en el porvenir presentido a través de esa fe, hace una fervorosa defensa de Prisciliano, a quien cualifica de *reformador* y “áspero teólogo”: “... Su sangre fue germen *de la refor-*

reforma católica e do librepensamento. Galiza abrazou o cristianismo de Prisciliano durante máis de cen anos, e aínda hoxe bule no fondo da alma galega¹⁷.

O axustizamento martirial de Prisciliano, debeuse para Castela a ser o noso bispo unha “víctima das loitas teolóxicas daquel tempo e da inquina de dous bispos españois, non galegos”¹⁸. Aínda fai Castela unhas afirmacións máis rechamantes: Prisciliano e a súa doutrina, lonxe de desaparecer da memoria histórica e popular, “*enxendrou unha Igrexa separada, onde se cobexaron tódolos galegos*”. Máis aínda: “O priscilianismo botou raíces tan fondas na alma mística de Galiza que, a pesares das pauliñas dos cregos, *o noso pobo aldeán segue sendo heterodoxo*”¹⁹. Desta maneira o priscilianismo chegou a ser para Galicia non só un xeito de particularidade, senón tamén de *identidade* galega e aínda de “unidade relixiosa” para o noso pobo.

Con todo, Castela non fai tanto unha reivindicación da doutrina de Prisciliano, canto da súa realidade como un dos *símbolos de Galiza*. Iso é tamén o que a min me interesa máis de Prisciliano: o seu *símbolo*, porque Galicia está necesitada de símbolos que lle axuden á súa identificación e autoafirmación como pobo de seu. Na historia de Galicia, como a de calquera outro pobo, tanto ou máis que outros elementos tamén importantes, son os símbolos e os mitos os que máis contribúen a súa identidade para que non esmoreza diluída baixo a pouta da cultura dominante do momento. Porque o símbolo –como dixo xenialmente P. Ricoeur– sempre “dá que pensar” e pode permanecer como unha referencia constante. G

Victorino Pérez Prieto é teólogo, escritor e profesor de Universidade da Coruña.

ma católica y del librepensamiento. Galicia abrazó el cristianismo de Prisciliano durante más de cien años, y aún hoy bule en lo hondo del alma gallega¹⁶.

El ajusticiamiento martirial de Prisciliano, se debió para Castela a ser nuestro obispo una “víctima de las luchas teológicas de aquel tiempo y de la inquina de dos ospos españois no gallegos”¹⁷. Aún hace Castela unas afirmaciones más llamativas: Prisciliano y su doctrina, lejos de desaparecer de la memoria histórica y popular, “*engendró una Iglesia separada, donde se cobijaron todos los gallegos*”. Más aún: “El priscilianismo echó raíces tan hondas en el alma mística de Galicia que, a pesar de las pauliñas de los curas, *nuestro pueblo aldeano sigue siendo heterodoxo*”¹⁸. De esta manera el priscilianismo llegó a ser para Galicia no sólo una forma de particularidad, sino también de *identidad* gallega y de “unidad religiosa” para nuestro pueblo.

Con todo, Castela no hace tanto una reivindicación de la doctrina de Prisciliano, cuanto de su realidad como uno de los *símbolos de Galicia*. Eso es también lo que a mi me interesa más de Prisciliano: su *símbolo*, porque Galicia está necesitada de símbolos que le ayuden a su identificación y autoafirmación como pueblo. En la historia de Galicia, como la de cualquier otro pueblo, tanto o más que otros elementos también importantes, son los símbolos y los mitos los que más contribuyen a su identidad para que no esmoreza diluida bajo la pouta de la cultura dominante del momento. Porque el símbolo –como dijo genialmente P. Ricoeur– siempre “da que pensar” y puede permanecer como una referencia constante G

Victorino Pérez Prieto es teólogo, escritor y profesor de la Universidad de A Coruña.

¹ A. Orbe, “Doctrina trinitaria del anónimo priscilianista *De Trinitate fidei catholica*”, *Gregorianum* 49 (1968).

² E. Ch. Babbut, *Priscilien et le priscilianisme*, Paris 1909; A.B.J. Goosen, *Achtergronden van Priscillianus christelijke Ascese*, Nimega 1976.

³ E. López Pereira, *O primeiro espertar cultural de Galicia*, Santiago, 1989, 77.

⁴ Cf. H. Chadwick, *Prisciliano de Avila. Lo oculto y lo carismático en la primera Iglesia*, Madrid 1978.

⁵ Cf. F. Carballo *A Igrexa galega*, Vigo 1995, pp. 18-20; López Pereira, *op. cit.* 82-87.

⁶ U. Romero Pose, “Estado actual da investigación sobre Priscilián”, *Encrucillada* 12 (1979).

⁷ A. López Ferreiro, *Estudio histórico-crítico sobre el priscilianismo*, Santiago 1878.

⁸ A. Amor Ruibal, *Los problemas fundamentales de la Filosofía y el dogma*, tm. III, Santiago 1917; na edición recente da obra tm. II (1995), 426 e 428, na amplísima nota.

⁹ P. Pedret Casado, “Xesús ante o priscilianismo”, *Logos* 28 (1933), 67-68.

¹⁰ R. Otero Pedrayo, *Ensaio histórico sobre a cultura*

galega, Vigo 1982, 69

¹¹ *Ibid.* 70-72.

¹² *Ibid.* 61 e 76.

¹³ *Ibid.* 62-65.

¹⁴ Cf. V. Pérez Prieto, *A xeración “Nós”. Galeguismo e relixión*, Vigo 1988, 80-85.

¹⁵ V. Risco, *Historia de Galicia*, Vigo 1971, 60-67.

¹⁶ *A Nosa Terra*, 463 (1948), cf. *Sempre en Galiza*, Buenos Aires 1961, 428.

¹⁷ *Sempre en Galiza*, 36.

¹⁸ *Ibid*